



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE OIA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DA CASA CONSISTORIAL EN SANTA MARÍA DE OIA.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Oia, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Oia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Oia, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“ acondicionamento do contorno da Casa Consistorial en Santa María de Oia ”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional





O Concello de Oia (Pontevedra) trata de promover unha actuación consistente na **“acondicionamento do contorno da Casa Consistorial en Santa María de Oia”**.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

Trátase da remodelación dos espazos circundantes da casa consistorial, deteriorados polo paso do tempo. Para tal fin, procederase ao novo axardinamento e ordenación destes espazos, que conforman un miradoiro sobre o Mosteiro de Oia e o Atlántico, para o seu uso polos veciños en mellores condicións de seguridade e accesibilidade.

Por outra parte pretendese mellorar a estética das beirarrúas próximas a casa do concello e axeitalas ao contorno do monumento e cumprir, ao mesmo tempo, as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Na praza situada á esquerda da casa do concello, procederase ao seu saneado e limpeza respectando os elementos existentes.

A finalidade é favorecer tanto o tránsito, como a mellora na accesibilidade para as persoas al regularizar o pavimento, o axardinamento e a seguridade de xeito que permita usar ese espazo como miradoiro.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan *hURBE* en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”** contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela , 15 de xuño de 2016. María Encarnación Rivas Diaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

